

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 7 DE DECEMBRO DE 2017.

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarme Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D^a. María del Carmen Franco Díaz, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D^a. M^a Jesús Vale López, D^a. María Cristina Goás Fernández, D. Manuel Galdo Dopico, D. Óscar Lara Gil, D. Bernardo José Fraga Galdo e D. Luis Manuel García Otero.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

INTERVENTOR (por delegación de firma)

D. Sergio Aguado Delicado

Excusa a súa asistencia o concelleiro D. Celestino García Paz.

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 7 de decembro de dous mil dezasete, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1ª PARTE: **PARTE RESOLUTIVA**

1.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO INVENTARIO DE BENS. INCLUSIÓN PARCELA 56 M2 EN MISERICORDIA.

Visto o expte para a modificación puntual do inventario de bens, para a inclusión da parcela de 56 m² na Misericordia.

Resultando que en data 19 de xullo de 2017 se procedeu á sinatura do documento administrativo de cesión (asinado entre o Delegado de Economía e Facenda de Lugo e a Alcaldesa do Concello) dunha parcela ubicada nun dos extremos da Ponte da Misericordia e próxima ao Pazo e Capela do Ecde-Homo, no termo municipal de viveiro (Lugo), cunha superficie de 56 m².

Visto que por parte da Secretaria Municipal se emitiu informe no que se sinala que por parte do Pleno da Corporación debe procederse á rectificación do Inventario Municipal aos efectos da inclusión da parcela referida no presente informe e debe acordarse así mesmo a inscrición rexistral ante o Rexistro da Propiedade de Viveiro da referida parcela.

Resultando que o presente asunto se atopa dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural en data 1 de decembro de 2017.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos concelleiros presentes acórdase

Primeiro.- Rectificar o Inventario Municipal aos efectos da inclusión da parcela referida, ubicada nun dos extremos da Ponte da Misericordia e próxima ao Pazo e Capela do Ecde-Homo, no termo municipal de viveiro (Lugo), cunha superficie de 56 m² e cedida a este Concello, inscrita no rexistro da Propiedade de Viveiro ao tomo 957, libro 376, folio 115, finca 36685; coa referencia catastral 2959221PJ1325N0001LB.

Segundo.- Acordar así mesmo a inscrición rexistral ante o Rexistro da Propiedade de Viveiro da parcela

2.- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT (POSTO DE TÉCNICO DE URBANISMO).

Visto o recurso de reposición interposto polo CSIF contra o acordo de modificación puntual da RPT referente ao posto de técnico de urbanismo, de data 20 de xullo de 2017.

Visto o informe emitido polo encargado do Departamento de Persoal e a Secretaria Municipal no que se conclúe que se entende que debe procederse á súa desestimación.

Resultando que o presente asunto se atopa dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Persoal de data 1 de decembro de 2017.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos concelleiros presentes, acórdase:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición presentado por CSIF contra o acordo plenario de data 20 de xullo de 2017 de modificación puntual da RPT.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado.

3.- SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO ESTABLECIDO NO DECRETO 115/2017 PARA A COOPERACIÓN DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN TODOS OS ASPECTOS PREVISTOS NO MESMO.

Visto o Decreto 115/2017, publicado no Diario Oficial de Galicia de data 22 de novembro de 2017, polo que se regula a cooperación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos Concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

Vista a proposta da Alcaldía para solicitar a adhesión ao establecido no Decreto 115/2017 para a cooperación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en todos os aspectos previstos no mesmo e facultar a Sra. Alcaldesa do Concello de Viveiro para a sinatura dos convenios derivados do presente acordo.

Resultando que o presente asunto se atopa dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Persoal de data 1 de decembro de 2017.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos concelleiros presentes, acórdase:

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión ao establecido no Decreto 115/2017 para a cooperación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en todos os aspectos previstos no mesmo.

SEGUNDO.- Facultar a Sra. Alcaldesa do Concello de Viveiro para a sinatura dos convenios derivados do presente acordo.

2ª PARTE **PARTE DECLARATIVA**

1.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO, INTEGRANTE DO GRUPO MIXTO, DE PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DE TERRAZAS DE VELADORES.

Vista a moción presentada por Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, de proposta de modificación da Ordenanza Municipal reguladora de terrazas de veladores, que literalmente di:

“O Grupo Municipal de SON VIVEIRO, a través do seu concelleiro Luis Manuel García Otero, presenta a seguinte

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE VELADORES:

Primeiro: Para dar cumprimento ao disposto no artigo 7,1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, a citada ordenanza será redactada en lingua galega.

Segundo: No capítulo I, artigo 2, engadir: a copia do plano de detalle da terraza deberá estar exposto ao público na mesma co fin de facilitar a información ao público e ás inspeccións policiais.

Terceiro: No artigo 15.3 do capítulo III: a distancia libre garantida en ningún caso será inferior a 3 metros.

Cuarto: No capítulo III, artigo 16.4: a distancia dos elementos de mobiliario á beirarrúa será como mínimo de 90 centímetros.

Quinto: No capítulo III, artigo 17.2, na súa parte final: As mesas, cadeiras, mamparas, elementos ornamentais ou decorativos deberán estar colocadas dentro do espazo concedido

pola autorización municipal delimitado no chan con pintura ou calquera outro sistema que determinen os técnicos municipais.”

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra ao concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, presentante da moción.

Intervén D. Luis Manuel García Otero, en representación de Son Viveiro, que inicia a súa intervención pedíndolle desculpas á Sra. Alcaldesa dicindo que o chamaron os medios de comunicación para preguntarlle polo asunto tratado nesta moción, ao que non accedeu e ó día seguinte apareceron outros falando na prensa sobre o tema; indicando que para outra vez cando o chamen falará o que pense.

Pola Sra. Alcaldesa acéptanse as desculpas.

Continúa a súa intervención o concelleiro de Son Viveiro indicando que vai ir aclarando en que puntos se queren introducir as modificacións que propón da ordenanza. Deste xeito procede á lectura do primeiro punto, sinalando que non ten nada que dicir sobre el, que se trata de algo novo que considera que é hora de que as ordenanzas municipais se redacten en galego. Respecto ao segundo punto indica que este apartado se refire ao artigo 2 do capítulo II e procede á lectura do artigo 2. Sinala que non se trata de engadir nada, xa que no punto 4 xa se fai referencia a que hai que presentar o plano e máis adiante figura recollido na ordenanza que debe estar no local, polo que simplemente se propón que estea situado fóra, soamente se pide o cambio de colocación. Respecto ao punto 3º sinala que non engaden nada novo, entendendo que a primeira parte do artigo 15.3 está correcta e procede á súa lectura. Di que iso é o que piden, un mínimo de tres metros, pero que na ordenanza se recolle que a veces poden quedar menos metros e se pasa a responsabilidade sobre o desaloxo da rúa aos negocios; entende que sobra ese punto. Respecto ao apartado 4º sinala que no artigo 16.4 dicía como distancia mínima 40 cms, e pensan que deben ser 90 cms, xa que entenden que nos 40 cms resulta complexo que podan pasar cadeiras de rodas ou carriños de bebés, e se as portas das vivendas deben ter un mínimo de 90 cms considera que tamén aquí debería haber un mínimo de 90 cms. Respecto ao punto 5º indica onde debería engadirse a súa proposta, entende que se trata de engadir dentro do espazo tamén as mamparas e os elementos ornamentais, que moitas veces quedan fóra. Respecto á delimitación con pintura indica que nalgúns casos podería quedar delimitado coas mamparas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que hai unhas semanas se anunciou que se ía modificar a ordenanza de terrazas xa que cando se aprobou se fixo de forma unilateral porque a situación que había era caótica . Engade que nos últimos dez anos se mellorou moito, xa que por exemplo en Cantarrana as terrazas chegaban ata o borde da beirarrúa e agora hai un espazo regulamentario, en Viveiro ata había carpas. Agora estanse plantexando cos técnicos municipais a modificación da ordenanza, e xa se falou cos hostaleiros de Covas, Viveiro e Cantarrana, e transmitíuselles en varias reunións a intención da modificación para escoitar as súas propostas. Sinala que esta moción se pode analizar no momento da modificación da ordenanza, pero entende que agora non ten sentido aprobala, xa que non serve de nada comprometerse agora a modificar uns artigos que ao mellor na anova ordenanza non se contemplan ou xa non é o mesmo

número de artigo, polo que entende que debería retirarse. Aínda así aclara algúns aspectos sobre os que se propoñen os cambios. Indica que respecto ao artigo 16 a día de hoxe xa se está mirando que a distancia dende o mobiliario ata o borde exterior da beirarrúa estea entre 1,50 e 1,20m. Engade que a Policía Local xa ten un plano de todas as terrazas autorizadas, pero que tamén se podería contemplar que os planos estivesen postos fóra, nos locais. Di que algúns establecementos aumentan a extensión da terraza, e neses casos a Policía fai un informe e dásele trámite, entendendo que hai que regular un prazo para a retirada e senón poder facelo subsidiariamente. Recalca que se está modificando a ordenanza e que nese momento se poderán estudar as propostas que se plantexan neste pleno.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipl do P.P., que indica que a ordenanza que el ten non debe ser a mesma, porque esta aprobouse en 2012, polo que hai 5 anos e non 10. Engade que foi una gran ordenanza que se fixo por consenso e codo con codo co sector da hostalería; aínda que sería boa na medida en que se cumprise. Apunta que había un parágrafo na exposición de motivos, que procede a ler, no que se indicaba que dende o Concello se inspeccionarían periodicamente todas as terrazas para facer cumprir os artigos da ordenanza, indicando que ése era o espírito da ordenanza, e di que apela a ese espírito de unidade pedindo que se se vai modificar a ordenanza se conte con todos os grupos para elo e se incorpore a todos os portavoces a esas reunión cos hostaleiros, e que non quede finalmente en papel mollado como esta en algún aspectos que non se cumpriron. Apunta que respecto ao que pide Son Viveiro de que se redacte en galego indica que non teñen problema, xa que se trata da lingua cooficial de Galicia. O 2º punto xa o considera en parte recollido no punto 4.1 O punto 3º entende que xa hai algo parecido hoxe en día. Respecto ao tema dos 40 cms que se pedía pasar a 90 cms. Preguntábase o Grupo do P.P. porqué a 90, pero xa o aclarou Son Viveiro na súa intervención; en todo caso creen que habería que ver cada zona para que todos os establecementos puidesen ter a súa terraza, e incluso valorar este aspecto na modificación que se prevé. No punto 5º entenden que en certa medida xa estaba recollido, e considera que se debe ser milimétrico, xa que coñece casos que tiñan autorizadas 8 mesas e colocaron 21, non entendendo que fixo neste caso a Policía Local. Conclúe dicindo que entende que haberá que buscar una ordenanza que se cumpra, xa que esta non se cumpriu de todo, e reitera que lle gustaría que se recuperase o espírito do 2012, e que sexa consensuada tamén co sector e poder conseguir una boa ordenanza. Entende que esta moción debería retirarse e constituír una comisión na que estean todos os grupos para levar a cabo a modificación da ordenanza.

Intervén o concelleiro D. Manuel Galdo Dopico, concelleiro non adscrito, que indica que dado que se vai revisar a ordenanza pide a retirada desta moción e a apertura dunha comisión onde estean todos os grupos políticos. Entende que debe terse en conta o peso do sector servizos e tamén a convivencia necesaria dos negocios cos veciños, considerando que tamén deberían estar representadas as asociación de hostaleiros. De todas maneiras indica que respecto ao primeiro punto da moción está de acordo. No resto de puntos non tanto, e sinala que polo que respecta ao plano non creen que haxa problema, aínda que considera que calquera veciño que queira acceder a esa

documentación pode facelo no Concello. No que respecta aos tres metros di que xa o marca a ordenanza, pero hai zonas do Casco Histórico onde é difícil cumprilo. No punto 4º di que xa se se está indo a una distancia de 1,50 cms, sendo os 40 cms. a distancia de seguridade ata a estrada. No punto 5º entenden que no Casco Histórico non debería pintarse. Entenden que se debe intentar mellorarse no máximo posible, pero que se calquera incumpre debería sancionarse.

Intervén D. Luis Manuel García Otero, concelleiro de Son viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que a primeira noticia de que se vai elaborar outra ordenanza acaba de tela agora no pleno. Recalca que non ten nada en contra dos hostaleiros, e fai referencia á nota de prensa da Sra. Alcaldesa onde dicía que había que convivir cidadáns e o sector e resalta que debe facerse cumprir a ordenanza. Fai referencia á Avda. de Verxeles N°8 onde manifesta que é onde se cometen máis irregularidades por metro cadrado. Indica que no Anexo I da ordenanza se establece como ten que ser o mobiliario, e faise referencia ao entorno do Convento de Valdeflores, e di que se este Concello aposta polo turismo a imaxe que se está percibindo é fatídica e procede a ensinar varias fotografías de terrazas, nas que indica a colocación de barricadas, barrís no borde de fóra da beirarrúa, barrís na estrada, vehículos almacén...). Recorda que as ordenanzas poden estar ben pero se non se vixía o seu cumprimento non serven para nada. Refírese posteriormente a que se fixeron unas obras e que os veciños reclamaron a presenza do vixiante urbanístico e cando chegou estaban facendo obras en permiso nesa terraza, obras que pararon e logo continuaron, e pregúntase se xa entregaron a finalización de obra, e volve indicar que non pode haber máis irregularidades por metro cadrado.

Intervén a Sra. Alcaldesa para preguntarlle ao concelleiro de Son Viveiro se está de acordo en retirar a moción deste pleno.

Contesta o concelleiro de Son Viveiro que recorda que o que ten a última palabra neste punto é el.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que é ela quen dirixe o Pleno. Sinala que a ordenanza se aprobou hai 5 anos, pero que xa dende o 2007 se cambiou o mobiliario por iso facía referencia na súa anterior intervención a 10 anos. Indica que sinalaba que a anterior ordenanza se fixera de forma unilateral porque se impuxeron os materiais, mobiliario... xa que a situación naquel momento nas terrazas era caótica. Indica que non todos cumpren e hai que cumprila, que se decidiu modificar e que non hai ningún inconvinte en que participen todos.

Intervén D. Antonio Bouza Rodil, en representación do Grupo Municipal do P.P. para dicir que agradece esa invitación de incorporación á comisión para modificar a ordenanza. Recorda que no 2012 non había moito descontento no sector coa ordenanza elaborada, e que considera que está bastante ben, pero hai que levala acabo na práctica. Indica que el reparou nalgún incumprimento e o concelleiro de Son Viveiro noutros. Entende que debe buscarse na modificación da ordenanza una harmonía entre un lugar

de disfrute e que non se moleste aos cidadáns, buscar un punto de equilibrio. Considera necesario que a ordenanza que se elabore se aplique. Pide que se retire esta moción.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, concelleiro non adscrito, para dicir que mantén o dito inicialmente, que considera que debe retirarse esta moción. Engade que a revisión da ordenanza non ten nada que ver co incumprimento da vixente, xa que se se está incumprindo debe sancionarse.

Intervén D. Luis Manuel García Otero dándolle as grazas á Sra. Alcaldesa por deixarlle intervir neste momento. Di que Son Viveiro non ten ningún interese en manter a súa posición. Dille á Sra. Alcaldesa que cando saliu a nota de prensa lle comentou que estaba elaborando una revisión da ordenanza e que entón, se se prevía revisar polo Concello soamente traería ao pleno a modificación duns puntos. Deste xeito di que está de acordo na retirada da moción á espera de ser convidado á revisión da ordenanza.

Non existindo máis debate, por unanimidade acórdase a retirada da moción do presente pleno, para proceder a un estudo da modificación da ordenanza na que participarán todos os grupos.

3ª PARTE: **PARTE DE CONTROL**

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía, mediante un listado resumo das mesmas, segundo consta no expediente, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, dándose por informado o Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía.

2.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron rogos nin preguntas para o presente pleno.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que non se presentaron rogos e preguntas para este pleno.

Pide a palabra o concelleiro de Son Viveiro.

A Sra. Alcaldesa dálle a palabra á Secretaria Municipal para que aclare se pode facer uso da palabra o concelleiro.

Intervén a Secretaria Municipal para indicar que nos plenos ordinarios calquera concelleiro pode presentar verbalmente na sesión plenaria rogos e preguntas, que serán contestados ordinariamente no seguinte pleno, a menos que a Sra. Alcaldesa queira darlles resposta inmediata. Tamén podería presentarse algún asunto que por razón de urxencia quixese someterse á consideración do pleno, asunto sobre o que habería que votar a súa urxencia para sometelo á consideración do pleno.

A Sra. Alcaldesa dálle a palabra ao concelleiro de Son Viveiro

Intervén D. Luis Manuel García Otero, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, indicando que quere facer una pregunta, e procede a indicar o seguinte:

Que con data 19 de outubro de 2017 presentou una solicitude de documentación, e procede á súa lectura, referíndose dita solicitude á documentación referente á licenza para as obras realizadas no edificio da Avda. Juan García Navia Castrillón N°2.

Di que informou desta solicitude no pleno anterior, e non obtendo aínda resposta di verse na obriga de trasladar a este pleno queixas sobre certos comportamentos e utilizacións do espazo que rodea a construción do Hotel Urban.

1º.- Desexa que se lle informe sobre a existencia de autorización para os rebaixes da beirarrúa ao carón do paso de peóns regulado por semáforo.

2º.- Pregunta se estes rebaixes son vados, e a que se debe que non teñan colocada a placa de vado. Di que a ordenanza fiscal nº 16 establece no apartado 6.1 que o rebaixe máximo autorizado é de 2,5 metros, e neste caso mide por un lado 3,5 metros e por outro 5.

3º.- Pasado tempo dende a inauguración apareceron pintados uns triángulos que indican entrada e saída de vehículos, así como una liña discontinua que indica sinal de aparcadoiro; sinais que conviven cun paso de peóns, polo que a veces entran e saen os vehículos dese aparcadoiro.

4º.- Pide que se informe sobre o borrado das liñas de carga e descarga próximas a esa zona, e o pintado posteriormente de liñas amarelas que impiden a parada e facilitan o acceso ao aparcadoiro.

5º.- Durante as obras de reconstrución di que se preguntou polo seu grupo acerca da caída de cascallos na beirarrúa e o paso pola mesma de maquinaria pesada, ao que se dicía que se trataba dunha parcela pertencente a Costas.

6º.- Aínda sendo consciente de que se trata dunha pregunta verbal roga que se lle comunique se nalgún momento está previsto delimitar o espazo desa parcela para que se saiba cando se está a circular por espazo municipal e cando non.

Finalmente procede a amosar varias fotografías da zona, onde amosa vehículos aparcados e di que, supostamente para ir á cafetería porque non se lles veu descargar equipaxe, algún aparcados en sentido contrario, supoñendo perigo tendo en conta que está próximo un paso de peóns...

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se lle contestará no seguinte pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21.30 do día 7 de decembro de 2017, extendéndose a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)